

ANUNCIO

Asunto: NOMEAMENTO DE MARÍA JOSÉ QUINTÍA SANJUAN COMO FUNCIONARIA INTERINA POR VACANTE, TRABALLADORA SOCIAL

Faise público que en data 13.10.2025 ditouse a Resolución da alcaldía núm. 1274/2025, na que se da conta dos informes de chamamento existentes no expediente que acreditan que se seguiu a orde da listaxe, así como a imposibilidade do nomeamento dunha candidata que se atopaba en situación de incapacidade transitoria no momento do chamamento (vid STSJ MURCIA 14.09.2007).

Así mesmo, resolveuse o seguinte:

“PRIMEIRO.- Nomear a María José Quintía Sanjuan como funcionaria interina para desempeñar temporalmente unha praza do grupo: A; subgrupo: A2; escala: administración especial; subescala: técnica; denominación: traballadora social; que se atopa vacante e ata a súa cobertura definitiva por un/unha funcionario/a de carreira nos termos sinalados nos artigos 10.4 do EBEP e 23.2.a) da LEPG, sen prexuízo de que con carácter previo se poida producir calquera outra causa de cese para o persoal funcionario interino prevista nos artigos 24 da LEPG e 10 do TREBEP.

O nomeamento sométese a un período de proba de (3) meses de conformidade co artigo 24 LEPG. A non superación do período de proba implicará o cesamento da persoa nomeada como persoal funcionario interino e a baixa na lista correspondente ao grupo, corpo e/ou escala ou especialidade en que se realizou o chamamento durante un período de seis meses.”

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sra. Alcaldesa, Alejandra Permuy Meizoso

C.O.
F:
P-
150
096
0-0